

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2017.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CINCO MINUTOS** do día **DEZASETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**
- 2º.- **INSCRIPCIÓNS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS.**
- 3º.- **BASES DO II CONCURSO DE PROMOCIÓN DO EMPADROAMENTO NAS FESTAS DO CONCELLO DE SILLEDA “Nas festas.... somos mais”.**
- 4º.- **CONVOCATORIA DO CONCELLO DE SILLEDA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO II CONCURSO DE CÓMIC BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DANIEL CASTELAO**
- 5º.- **URBANISMO.**
- 6º.- **SERVIZOS SOCIAIS.**
- 7º.- **APROBACIÓN DE PROXECTOS.**
- 8º.- **DEVOLUCION DE AVAIS.**

1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 17 de Xaneiro de 2017

2º.- **INSCRIPCIÓNS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS.**

Visto o escrito presentado por Martín Fondevila Saavedra, en representación da Asociación “MOTOS VETERANAS DEZA”, con CIF G-36556264, Rexistro de Entrada nº 661 de data 15 de febreiro de 2017, para que se proceda á inscrición da mencionada asociación no Rexistro Municipal de Asociacións sin ánimo de lucro.

Visto que presentáronse os documentos requeridos no artigo 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais.

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** aprobar a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do concello de Silleda da Asociación “MOTOS VETERANAS DEZA”, con domicilio social en Lg. Moa, nº

15, parroquia de Martixe (Silleda), e a efectos de notificación no Lg. Carral, nº 17, parroquia de Taboada (Silleda).

3º.- BASES DO II CONCURSO DE PROMOCIÓN DO EMPADROAMENTO NAS FESTAS DO CONCELLO DE SILLEDA “Nas festas.... somos mais”.

Dase conta pola Concelleira de Cultura, Emprego, Turismp, Deportes e Persoal, Ana Luisa González Costa das bases do II CONCURSO DE PROMOCIÓN DO EMPADROAMENTO NAS FESTAS DO CONCELLO DE SILLEDA “Nas festas.... somos mais” e que transcríbense a continuación:

“Bases do II Concurso de promoción do empadroamento nas festas do Concello de Silleda 'Nas festas ... somos máis!'

1. Obxeto

O Concello de Silleda convoca o II Concurso Nas festas ... somos máis!, coa intención de promover a riqueza turística e paisaxística do Trasdeza, así como de fomentar o empadroamento no noso municipio.

2. Participantes.

Poderán participar neste certame todos os colectivos legalmente constituídos e as Asociacións organizadoras de festas patronais e/ou gastronómicas do municipio de Silleda, e cuxos integrantes estean empadronados en Silleda (o representante deberá ser maior de 18 anos).

3. Descrición dos traballos e temática.

Entenderase como 'traballo participante' a totalidade da campaña promocional da festa que se realice para cada evento, así como promoción turística e de empadroamento que se leve a cabo durante o evento en cuestión.

Cada organización deberá presentar unha memoria na que se especifiquen as actividades de promoción da festa e durante a mesma. Entenderanse actividades que se poidan engadir nesta convocatoria:

- Accións de promoción do empadroamento durante a promoción da festa (cartaces, actos de presentación do evento...).

- Actividades levadas a cabo durante a festa (actos de divulgación da riqueza cultural, patrimonial e turística).

- Promoción dos grupos culturais e musicais locais, mediante a contratación de grupos musicais, de baile tradicional, de animación... ou de calquera outra índole; que teñan a sede no noso municipio.

- Calquera outra acción ou actividade que a organización estime oportuna engadir ás xa establecidas

nestas bases, e que se considere que colaboran á finalidade desta convocatoria.

A temática será exclusivamente a promoción do noso Concello e o fomento do empadramento no mesmo.

Valorarase a orixinalidade das iniciativas, e para levalas a cabo poderán solicitarse ao Concello de Silleda cantos materiais divulgativos sexan necesarios -sempre e cando o Concello dispoña deles e nesas datas se atope desocupado-, como poden ser os carteis enrollables turísticos (roller up), folletos informativos para a súa visualización ...

4. Premio.

Haberá tres premios:

1º Premio: 1.500 €

2º Premio: 1.000 €

3º Premio: 500 €

A dotación de cada un dos premios terá como finalidade a financiación da Festa patronal e/ou gastronómica que representa a comisión organizadora (queda constancia que o premio irá dirixido a subvencionar custes da festa -do ano en curso ou da vindeira edición en anos posteriores- e non actos ou actividades realizadas pola comisión/organización non relacionados co evento).

5. Prazos.

Poderán concurrir a este Concurso todas campañas organizadas durante este ano 2017 (dende o 1 de xaneiro e ata o 31 de decembro).

O prazo para a presentación das memorias abrangue dende o 2 ao 13 de xaneiro de 2018 (ambos inclusive).

6. Documentación a presentar para a concurrencia a este Certame.

Para participar neste concurso, as diversas organizacións/comisións deberán presentar unha memoria na que se expoñan as distintas accións de promoción do noso municipio e de fomento do empadramento en Silleda. O formato será en soporte físico (papel ou similar), no que se explique de xeito minucioso os pasos seguidos para acadar o obxecto deste Concurso.

Adxuntarase o modelo de solicitude ANEXO 1 no que constarán os datos das persoas integrantes da organización, ademais da seguinte documentación:

A. Se a organización é unha Asociación constituída:

- Copia da acta de constitución.*
- Certificado do Secretario acreditando os datos do Presidente (ANEXO 2).*
- Certificado bancario do número de conta.*

B. Se a organización é un colectivo legalmente constituído:

- *Copia do Decreto do Permiso de festas concedido polo Concello de Silleda.*
- *Certificado bancario do número de conta.*

7. Publicidade das bases.

Estas bases serán publicadas na prensa, así como na páxina web do Concello de Silleda e nos distintos perfis e páxinas administradas polo mesmo.

8. Xurado.

O xurado estará composto por unha comisión valorativa conformada por persoal municipal con criterio en temas de promoción do municipio, así como representantes do tecido asociativo do municipio (membros de asociacións que non teñan relación algunha coas organizacións ou festas patromais):

- *Presidente: Alcalde*
- *Vogal 1: Concelleira de Turismo e Cultura.*
- *Vogal 2: Responsable do Departamento de Prensa do Concello de Silleda.*
- *Vogal 3: Representante asociativo.*
- *Vogal 4: Representante asociativo.*
- *Vogal 5: Técnico de cultura (que realizará as funcións de secretario sen voz nin voto).*

O Presidente terá a funcións de desempatar no caso de que se produza algún empate ou incidencia que leve a unha situación de que as puntuacións estean igualadas entre dous ou máis participantes.

De existir algún incidente ou inconvinte que conleve a algún dos membros inscritos no Xurado e non poder participar no mesmo, o posto deberá de delegarse noutra persoa do seu mesmo rango.

9. Criterios de concesión:

Os traballos presentados valoraranse en base a:

- a. Orixinalidade e calidade da campaña, en xeral 10 puntos.*
- b. Duración da campaña previa á festa 5 puntos.*
- c. Número de posibles destinatarios na campaña e impacto no noso municipio e fora del (en base aos medios de comunicación utilizados e distribución de cartaces e material divulgativo da festa, así como a súa repercusión nas redes sociais e outras plataformas dixitais) 10 puntos.*
- d. Contratación musical ou outro tipo de animación (presentación, animación infantil...) en base a grupos locais (que teñan a sede no noso municipio) 5 puntos por cada grupo contratado cun máximo de 30 puntos.*

10. Aceptación das bases.

A participación neste concurso conleva a aceptación das presentes bases.

Silleda, a 17 de febreiro de 2017.

Manuel Cuiña Fernández..- Alcalde de Silleda.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación as bases transcritas anteriormente, así como a súa publicación na prensa, páxina web do Concello de Silleda e nos distintos perfis e páxinas administradas polo mesmo.

4º.- CONVOCATORIA DO CONCELLO DE SILLEDA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO II CONCURSO DE CÓMIC BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DANIEL CASTELAO

Polo Alcalde explícase que a presente convocatoria ten por obxecto a concesión de premios do II Concurso de Cómic da Biblioteca pública municipal Daniel Castelao do Concello de Silleda, co tema "IGUALDADE E SOLIDARIEDADE" Conta cunha dotación económica para premios de 1200€, con cargo á aplicación orzamentaria 326.22699 do orzamento municipal vixente.

Esta convocatoria rexeráse polas Bases que estarán a disposición dos interesados na Casa do Concello de Silleda, na Biblioteca pública municipal Daniel Castelao e na web municipal e que transcríbense a continuación:

"BASES PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO II CONCURSO DE CÓMIC BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DANIEL CASTELAO, DO CONCELLO DE SILLEDA.

Primeira: Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de premios polo deseño de cómics, que traballen as temáticas de, IGUALDADE E SOLIDARIEDADE

Segunda: Participantes

Poderán participar de xeito individual ou por grupos, cun máximo de 3 persoas, o alumnado dos centros de ensino do Concello de Silleda de educación primaria e secundaria (ESO)

Terceira: Formato

A obra será orixinal, en branco e negro ou en cor realizada con técnica libre e en lingua galega. O formato será único, DIN A-3, dobrado pola metade para obter 4 páxinas.

Os traballos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Silleda nun sobre pechado, que irá acompañado da folla de inscrición, onde aparecerá:

- *Título do traballo*
- *Nome dos/das autores/as*
- *Curso ao que pertencen*
- *Nome do centro de ensino*

Os traballos que non cumpran con estes requisitos non poderán participar no concurso. Cada individuo ou grupo só poderá presentar un único traballo

Cuarta: Prazo

O prazo de presentación dos traballos comeza o día seguinte á publicación destas bases na páxina web do Concello de Silleda e rematará o 31 de marzo de 2017

O lugar de presentación será o Rexistro Xeral do Concello de Silleda, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00h

A concesión dos premios notificaráselles aos beneficiario e publicarse na páxina web do Concello de Silleda e nos medios de comunicación locais.

Entenderase que o/a beneficiario/a acepta o premio se no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, non se manifesta en sentido contrario.

Quinta: Exposición

Farase unha exposición, con todas as obras participantes, na Casa da Cultura de Silleda e igualmente subiranse ao Facebook do Concello e a páxina web.

Ao finalizar a exposición devolveranse os orixinais, excepto os premiados que quedarán en poder da Biblioteca Pública Municipal de Silleda e poderán ser editados.

Sexta: Premios

Os premios en metálico serán destinados como achega para as excursións de fin de ciclo, enténdese 6º de primaria e 4º da ESO, dos centros de ensino. Si nin os centros educativos nin as ANPAS organizasen as anteditas viaxes destinarán o premio ás actividades que estimen.

Os demais premios serán para cada un dos gañadores.

Categoría: educación primaria

- Mellor cómic, 150€ e unha tablet para cada un dos/as gañadores/as
- Mellor argumento, 75€, e un lote de material escolar para cada un dos/as gañadores/as
- Mellor ilustración, 75€ e un lote de cómics para cada un dos/as gañadores/as

Categoría: educación secundaria obrigatoria (ESO)

- Mellor cómic, 150€ e unha tablet para cada un dos/as gañadores/as
- Mellor argumento, 75€, e un lote de material escolar para cada un dos/as gañadores/as
- Mellor ilustración, 75€ e un lote de cómics para cada un dos/as gañadores/as

Sétima: Xurado

O xurado que enviará a súa proposta de concesión de premios á Xunta de Goberno Local sendo este o órgano competente para a súa concesión, será nomeado pola concelleira de Educación, e estará composto por persoas vencelladas á Biblioteca, ao mundo da cultura local, e por un/ha técnico/a da Concellería.

A decisión do xurado darase a coñecer antes do día 15 de abril de 2017

Oitava: Obrigas dos/das beneficiarios/as dos premios.

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

Novena: Outras disposicións

Calquera feito non previsto nestas bases, ou dúbida sobre a interpretación das mesmas resolverase a criterio da Concellería de Educación do Concello de Silleda, ou se procede, do xurado."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación as bases transcritas anteriormente, así como a súa publicación na Casa do Concello, na Biblioteca pública municipal Daniel Castelao e na web municipal.

5º.- URBANISMO.

5.1.- Escrito presentado por José Rafael Cuñarro Pampín.

Dase conta do escrito presentado por José Rafael Cuñarro Pampín, Rexistro de Entrada nº 249, de data 23 de xaneiro de 2017, no que expón que pola Xunta de Goberno Local de data 27 de xuño de 2013 foille concedida licenzia municipal de obra para construción dunha nave para explotación avícola de produción cárnica, a situar no Monte de Penide, lugar de As Brañas, parroquia de Siador (Silleda), referencia catastral 36052A062005750000KH.

Que durante o transcurso das obras decidiuse adicalas a galiñas poñedoras para ovos campeiros.

Que tendo tramitada a avaliación de incidencia ambiental para a anterior explotación e para a tramitación da nova explotación, solicita o desestimento da explotación avícola de produción cárnica concedida o 27 de xuño de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada e a aceptación do desestimento da licenzia de actividade a explotación avícola de produción cárnica, no lugar de As Brañas, parroquia de Siador (Silleda), concedida por esta Xunta de Goberno Local en sesión do 27 de xuño de 2013, a nome de José Rafael Cuñarro Pampín.

5.2.- Ampliación de explotación avícola de cebo. José Castro Cabaleiro, en representación de TRASFONTOA, S.C.

Vista a solicitude de licenza, presentada por José Castro Cabaleiro, en representación de TRASFONTOA, S.C., Rexistro de Entrada nº 1264 de data 30 de marzo de 2016, para ampliación de explotación avícola de cebo, no lugar de Trasfontao (Silleda), segundo proxecto básico do enxeñeiro técnico agrícola Óscar J. Pose Andrade.

Visto o informe emitido o 14 de febreiro de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante: José Castro Cabaleiro, e.r. TRASFONTOA, S.C.

Data de rexistro: 30.MAR.2016 Nº: 1264 Data escrito: MAR.2016

Solicitude: Ampliación de explotación avícola de cebo.

Tipo de Solicitude: Obra Maior Superficie construída: 2378,90 m2

Emprazamento: Lugar de Trasfontao, Silleda

Referencia catastral: 36052K50700686 Superficie catastral: 14.794,20 m2.

Autor do Proxecto: Óscar Pose Andrade, enxeñeiro técnico agrícola Colexiado nº 1430 COITA A Coruña-Pontevedra

Proxecto: Básico. Sen e de execución. Visado polo Colexio Oficial 22/03/2016, nº 20160145, 28/06/2016, nº 20160145

Dirección de Obra: n/d

Dirección de Execución: n/d

Exposición pública: BOP DOGA Prensa

Orzamento (P.E.M.): 257.023,49 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, p.:lr el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana

2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,

3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 272016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia,

5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos,

6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

10 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

11 R.D, 2187/1978, de 23 de xuño de 1978, Reglamento de Disciplina Urbanística para

desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

12 Planeamento do Concello de Silleda

12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991

12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

12.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

13 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude delixenza asinada por José Castro Cabaleiro, e.r, TRASFONTOAO, S.C., presentada con R.E.1264 de 13.MAR.2016, Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Óscar J. Pose Andrade, enxeñeiro técnico agrícola colexiado nº 1430 COITA A Coruña-Pontevedra e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe técnico), No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará no redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

(1 DOG nº 118, de 23 de xuño de 2014, páxinas 28479 e 28480)

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima

necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico de especial protección agropecuaria**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Ampliación de explotación avícola de cebo**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**.

5. As edificacións que se pretenden ampliar contan con licenza definitiva, tramitada consonte á Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, concedida en Xunta de Goberno Local de 4/06/2003. Os parámetros da edificación ampliada cumpren os requisitos da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

6. O uso solicitado encadra dentro do artigo **35.1.h)** da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo **36**, salvo mellor criterio.

7. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
<p>Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:</p>	
<p>a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.</p> <p>Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.</p>	SI
<p>b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.</p>	SI
<p>c) Cumprir as seguintes condicións de edificación: - As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as</p>	SI

cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

- Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

- A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que

SI
SI
SI
SI

<p>quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.</p> <p>- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.</p>	
<p>f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.</p>	SI
<p>g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.</p> <p>A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.</p> <p>Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.</p>	SI
<p>Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.</p>	
<p>CUMPRE</p>	
<p>As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:</p>	
<p>a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.</p>	SI
<p>b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.</p>	35.1.h
<p>c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.</p>	Non procede
<p>d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.</p>	Non procede

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	Non procede
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	Non procede

Artigo 92. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).	N/d
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	SI

8. Canto á tramitación ambiental, segundo a disposición transitoria primeira da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, esta solicitude deberá tramitarse consonte ao Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. O promotor aporta copia de "Resolución do 28 de novembro de 2016, pola que se formula a declaración de incidencia ambiental da ampliación da explotación avícola de carne, en Trasfontao, o Concello de Silleda, promovida por Trasfontao, S.C. (expediente PO/2016/121), emitido con rexistro de saída 114124/RX1738487 de 01/12/2016.

9. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela	14.794,20	2000	3000	Si
Altura de cornixa	2,75 m	7,00 m	7,00	Si
Ocupación máxima	26,54%	20%	20%	Si
Superficie ocupada en planta	237890			Si
Número máximo de plantas		B+1	B+1	Si
Recuamento a lindeiros	> 5 m	5 m	5 m	Si
Separación a vía pública	> 4 m	4 m	4 m	Si
Acceso rodado	SI	SI	SI	Si

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de

Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

12. O proxecto presentado xustifica o **tratamento de augas residuais** procedentes de aseo, efluentes de estercolero e augas de limpeza da nave **mediante foxa séptica estanca**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

13. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, o **abastecemento de auga**.

14. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

15. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar có informe emitido polo seguinte organismo:

15.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria. O promotor aporta informe do nomeado servizo, asinado o 8 de setembro de 2016.

16. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:**

16.1 Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental.

16.1.1 O promotor aporta copia de "Resolución do 28 de novembro de 2016, pola que se formula a declaración de incidencia ambiental da ampliación da explotación avícola de carne, en Trasfontao, o Concello de Silleda, promovida por Trasfontao, S.C. (expediente PO/2016/121), emitido con rexistro de saída 114124/RX1738487 de 01/12/2016.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo podería **INFORMARSE FAVORABLEMENTE** a solicitude no caso de aportar os seguintes documentos:

16.1 Autorizacións de abastecemento de augas.

16.3 Compromiso de facer constar no rexistro da propiedade a vinculación da total

superficie real do predio á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade.

Unha vez concedida a licenza, para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

- **CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a TRASFONTOAO, S.C. para ampliación de explotación avícola de cebo, no lugar de Trasfontao (Silleda), parcela con referencia catastral 36052K50700686, dacordo co informe anteriormente transcrito, indicándolle que:

1º.- Non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

- 1.- Autorizacións de abastecemento de augas.
- 2.- Compromiso de facer constar no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade.
- 3.- Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

2º.- Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

5.3.- Legalización de reformas e ampliación de instalación de “Granxa Escola e Albergue turístico Rústico”. José Taboada Cortizo, en representación de TURISMO GALEGO MEDIOAMBIENTAL, S.L.

Vista a solicitude de licenza, presentada por José Taboada Cortizo, en representación de TURISMO GALEGO MEDIOAMBIENTAL, S.L., Rexistro de Entrada nº 3024 de data 13 de xullo de 2016, para legalización de reformas e ampliación de instalación de “Granxa Escola e Albergue Turístico Rústico”, no lugar de Reboreda, nº 6, parroquia de Abades (Silleda), segundo proxecto básico do arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro.

Visto o informe emitido o 8 de febreiro de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: José Taboada Cortizo, e.r. TURISMO GALEGO MEDIOAMBIENTAL, S.L.

Data de rexistro: 13.XUL.2016 N°: 3024 Data escrito: 13.XUL.2016

Solicitud: Legalización de reformas e ampliación de instalación de “Granxa Escola e Albergue Turístico Rústico”.

Tipo de Solicitud: Obra Maior Superficie construída: 982,6 m2

Emprazamento: Reboreda, nº 6, Abades

Referencia catastral: 36052W5010000500JF Superficie catastral: 8.820 m2.

Autor do Proxecto: José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto Colexiado 2564 COAG

Proxecto: Básico. Sen visar (Rela Decreto 1000/2010, sobre visado Colexial obligatorio) n/d

Dirección de Obra: Non procede

Dirección de Execución: Non procede

Exposición pública: BOP DOGA Prensa

Orzamento (P.E.M.): 15.000,00 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 76.761,83 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, p.: Ir el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana

2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,

3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 272016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia,

5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos,

6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

10 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

11 R.D, 2187/1978, de 23 de xuño de 1978, Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

12 Planeamento do Concello de Silleda

12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991

12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

- 12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 12.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

13 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por José Taboada Cortizo, e.r, TURISMOGALEGO MEDIOAMBIENTALS.L" presentada con R.E.3024 de 13.XUL.2016, Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto colexiado 2564 COAG e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe técnico), No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará no redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

(1 DOG nº 118, de 23 de xuño de 2014, páxinas 28479 e 28480)

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras, A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación

Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico de especial protección agropecuaria** (parcela 5. polígono 1 da ZCP de Bazar), Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Legalización de reformas e ampliación de instalación de "Granxa Escola e Albergue turístico Rústico"**, está clasificado como **solo de núcleo rural histórico- tradicional**.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo **35,1.p)** da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo **36**, salvo mellor criterio,

6. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
<p>Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:</p>	
<p>a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.</p> <p>Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.</p>	SI
<p>b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.</p>	SI
<p>c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica. 	SI
<ul style="list-style-type: none"> - O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre 	SI

<p>a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.</p>	
<p>- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.</p>	SI
<p>- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.</p>	SI
<p>d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación: - Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m). - A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas. - A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela. Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela. - Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo. - Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros. - As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos. - Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.</p>	SI
<p>f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.</p>	SI

<p>g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros. A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.</p> <p>Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.</p>	SI
--	----

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.	CUMPRE
---	---------------

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.	SI
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	33.2.b
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	Non procede
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	Non procede
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	Non procede
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	Non procede

Artigo 92. Protección das vías de circulación.	
---	--

<p>1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.</p> <p>Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos</p>	N/d
--	-----

de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

SI

7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental**.

8. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela	8.820	3000	3000	Si
Altura de cornixa	<7,00 m	7,00 m	7,00	Si
Ocupación máxima	10,55%	20%	20%	Si
Superficie ocupada en planta	982,6			Si
Número máximo de plantas	B	B+1	B+1	Si
Recuamento a lindeiros	> 5 m	5 m	5 m	Si
Separación a vía pública	> 4 m	4 m	4 m	Si
Acceso rodado	SI	SI	SI	Si
Altura máxima soto				Si

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude (anexo 1,15 da memoria) e o Decreto 267/1999, do 30 de setembro, de Ordenación dos establecementos hoteleiros na Comunidade Autónoma de Galicia (anexo 1.16 da memoria).

12. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, o **tratamento de**

augas residuais.

13. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, o **abastecemento de auga.**

14. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inadecuado, o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m², para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

Cálculo de presuposto de execución material

	nº	Sup.	€/m ²	Tipo de obra	C ₁	Tipo de uso	C _u	C _g	
Planta baixa	1	112,30	520	Agrupación en fila ou fileira	1,1	Colexios con residencia	1,3	0,9	75.155,65 €
Planta primeira	1	10,40	520	Agrupación en fila ou fileira	1,1	Almacéns e naves industriais	0,3	0,9	1.606,18 €
TOTAL		122,70 m ²					PEM		75.761,83 €

15. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústiconon se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

16. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de legalización de reformas e ampliación de instalación de “Granxa Escola e Albergue turístico Rústico” solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorizacións de Abastecemento e Saneamento de augas emitidos por Augas de Galicia.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

- **CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a TURISMO GALEGO MEDIOAMBIENTAL, S.L. para legalización de reforma e ampliación de instalación de “Granxa Escola e Albergue Turístico Rústico”, no lugar de Reboreda, nº 6, parroquia de Abades (Silleda), parcela con referencia catastral 36052W501000050000JF, dacordo co informe anteriormente transcrito, indicándolle que:

1º.- Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

2º.- Non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1.- Autorizacións de Abastecemento e Saneamento de augas emitidos por Augas de Galicia

5.4.- Cambio de titularidade.

Dase conta do escrito presentado por José Miguel Moreira Fernández, xerente de LACTEOS 3JOTAS, S.L., Rexistro de Entrada nº 646 de data 15 de febreiro de 2017, solicitando o cambio de titularidade da licenza de actividade para queixería, sita na Avda. Recinto Feiral, nº 15 (Silleda).

Visto que, a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 05 de abril de 2016 acordou:

“Primeiro.- Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de apertura para queixería, sita na Avda. Recinto Feiral nº 15 (Silleda), outorgada inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 05 de maio de 2005, pasando a ser o novo titular da licenza de apertura COBIDEZA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA con CIF F.36.211.019, en troques de Asociación Ferial Semana Verde de Galicia.”

Visto que, xunto a solicitude de cambio de titularidade preséntase burofax de Cobideza Sociedade Cooperativa Galega, no que se indica que esta desiste do contrato de arrendamento de local e industria destinada a actividade de queixería e da licenza, pasando a mesma ó anterior titular Asociación Ferial Semana Verde de Galicia.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido nos artigos 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 13 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA**:

Primeiro.- Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de apertura para queixería, sita na Avda. Recinto Feiral nº 15 (Silleda), pasando a ser o novo titular da licenza de apertura LACTEOS 3JOTAS, S.L. con CIF B-27485671, en troques de Asociación Ferial Semana Verde de Galicia.

Segundo.- Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos e 2.4 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 36,00 euros.

Terceiro.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

Cuarto.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

Quinto.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa),

todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

6º.- SERVIZOS SOCIAIS.

6.1.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da directora e asesora xurídica do Centro de Información ás Mulleres de Silleda, Carmen Miranda Pose, de data 09 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **M. C. I.M.**

6.2.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, M^a Celia González Peteiro, de data 10 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **R.S.**

6.3.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, M^a Celia González Peteiro, de data 17 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **S.D.P.**

6.4.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, M^a Celia González Peteiro, de data 14 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Desestimar a axuda de emerxencia social tramitada a nome de **M.P.B.**

6.5.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no programa de libre concorrencia, de A.R.G.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF, a **A.R.G.**

7º.- APROBACIÓN DE PROXECTOS.

7.1.- Evaluación das posibilidades de aproveitamento de augas mineromedicinais no Concello de Silleda (Pontevedra).

Dase conta do proxecto denominado “EVALUACIÓN DAS POSIBILIDADES DE APROVEITAMENTO DE AUGAS MINEROMEDICINAIS NO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA)”, elaborado por Agua y Medioambiente Asesoría Industrial S.L., de data 09 de decembro de 2016, cun orzamento total, incluído o 21% de IVE de 4.961 €, que ten por obxecto avaliar as posibilidades de aproveitamento das augas mineromedicinais existentes no Concello e propoñer as liñas e actividades de actuación para súa posta en valor.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **acorda** prestar aprobación ó mesmo.

7.2.- Reforma do Campo de Fútbol de Silleda - Outeiriño.

Dase conta do proxecto denominado “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA - OUTEIRIÑO”, elaborado polo arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, de data febreiro de 2017, ascendendo o orzamento total (incluído IVE) a cantidade de 214.107,38 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **acorda** prestar aprobación ó mesmo.

7.3.- Centro Multiusos para Inserción Social.

Dase conta do proxecto denominado “CENTRO MULTIUSOS PARA INSERCCIÓN SOCIAL”, elaborado pola arquitecto María José García Fidalgo, de data 18 de xaneiro de 2017, ascendendo o orzamento total por (incluído IVE) a cantidade de 101.688,05 €, a situar na parcela da piscina municipal; parcela con referencia catastral 36052G513060120000RI.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación ó mesmo.

7.4.- Acondicionamento de Fuente e Lavadoiro.

Dase conta do proxecto denominado “ACONDICIONAMENTO DE FUENTE E LAVADOIRO”, elaborado polo arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, de data febreiro de 2017, ascendendo o orzamento total (incluído IVE) a cantidade de 40.993,97 €, para a mellora da fonte de Reboredo, sita na parroquia de Taboada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación ó mesmo.

8º.- DEVOLUCION DE AVAIS.

Dase conta do escrito presentado por URBASER, S.A., Rexistro de Entrada nº 593 de data 13 de febreiro de 2017, solicitando a devolución da fianza definitiva depositada neste Concello en data 28 de setembro de 1999, polo importe de 3.557,99 €, en concepto de fianza definitiva do contrato “Servizo público de recollida domiciliaria de residuos urbanos e limpeza viaria no Concello de Silleda”.

VISTO que non existe reparo algún e habendo transcurrido o prazo de garantía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA**:

- Proceder a devolución do AVAL constituído como garantía definitiva por **URBASER, S.A.**, formalizado en data 24 de setembro de 1999 ante o Banco Santander Central Hispano, S.A., nº 4749-3, por importe de 592.000 pesetas (equivalente a 3.557,99 €) relativo o contrato “Servizo público de recollida domiciliaria de residuos urbanos e limpeza viaria no Concello de Silleda”, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 17 de Febreiro de 2017

Vº e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga